Intelixencia artificial e política: o poder na era do algoritmo

Serxio María Rodríguez Álvarez[1]

Hai momentos nos que unha transformación tecnolóxica obriga a política a volver sobre algunhas das súas preguntas fundamentais. A intelixencia artificial é, probablemente, un deses momentos. Non porque vaia substituír a política, como ás veces parece suxerirse, senón precisamente porque está modificando as condicións nas que se exerce o poder. Esta é unha das cuestións que atravesan a reflexión de León XIV sobre a intelixencia artificial e é tamén, ao meu xuízo, a máis interesante desde a Ciencia Política. Podemos discutir sobre ata onde chegarán as capacidades destas tecnoloxías, pero hai unha pregunta anterior que non deberiamos perder de vista: quen controla esas capacidades, para que se empregan e ante quen responde quen as utiliza? En realidade, a pregunta non é nova. É a pregunta polo poder.

Toda gran transformación tecnolóxica modificou dalgún xeito as relacións de poder. A imprenta alterou as condicións de circulación das ideas, a industrialización transformou as relacións económicas e sociais e obrigou o Estado contemporáneo a desenvolver novas capacidades de intervención, a radio e a televisión modificaron profundamente a comunicación política e internet fixo o propio co espazo público nas últimas décadas. A intelixencia artificial introduce agora unha nova transformación. A diferenza é que non modifica unicamente a maneira na que transmitimos información, senón que permite tamén procesala, interpretala, clasificala e utilizala para orientar decisións. E aí comeza propiamente o problema político.

1 Politólogo.Profesor na UVigo. Membro do Consello de Encrucillada